



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES:**PRESIDENTE**

Antonio Crespo Iglesias
(Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

Xesús Santaló Ríos
(Representante do Colexio de
avogados de Pontevedra)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC de
Pontevedra)

**VOGAIS REPRESENTANTES DOS
VECÍÑOS DA CMVMC DE LIÑARES (AS
NEVES)**

Jorge Juan Macayo López
Raquel Novoa Gómez

SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo
(Funcionaria adscrita ao Servizo
Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do 14/06/2022 coa asistencia das persoas á marxe indicadas, mediante videoconferencia os representantes da CMVMC de Liñares e de xeito presencial os membros restantes, reúnese, no 2º andar do edificio administrativo sito no nº 43 da Avda. María Victoria Moreno, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación do monte denominado **Charruas ou Coutada**, solicitado a favor da **CMVMC de Liñares**, na parroquia de Liñares (As Neves)

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO- O 24.01.2020, a CMVMC de Liñares, parroquia de Liñares, concello das Neves, solicita a clasificación como monte veciñal en man común (en diante MVMC) a parcela "Charruas" tamén chamada "Coutada" a favor dos veciños da parroquia de Liñares, provincia de Pontevedra:

Parcela: Charruas
Referencia catastral:
36034A005012790000HS

Superficie: 3.082 m²
Linde Norte: Camiño público Estrada PO-400
Linde Sur: Camiño público
Linde Este: Luciano Tiago Durán, María Luz Rodríguez Soto, Francisco José Rodríguez, María del Carmen Gonzalez Soto,

Viactoriano Avalor Alcántara, Josefa Lira Alfonso, Argimiro González Rocha, María Esther Souto Estévez e Pura Tielas Rodríguez.
Linde Oeste: María del Carmen González Rocha.

Coa solicitude xunta a seguinte documentación:

- Certificado do secretario da CMVMC de Liñares coa conformidade do seu presidente da aprobación en Asemblea xeral do 17.11.2018 da aprobación de solicitude de clasificación como MVMC a parcela "Charruas" a favor dos veciños de Liñares.
- Imaxe do catastro de 1956
- Gastos limpeza da parcela "Charruas" nas contas da CMVMC de Liñares do ano 1999-2000 e oferta por compra da madeira da parcela no ano 1996
- Expediente de partición de bens
- Informe de validación gráfica catastral coa titularidade a favor da CMVMC de Liñares

SEGUNDO. O 10.03.2020, o xefe da Sección de Topografía informa da posibilidade de identificación da parcelas "Charruas" e que non está clasificada como MVMC.

TERCEIRO. O 10.08.2020, o Xurado de montes acorda incoar expediente de clasificación da parcela "Charruas" e nomear instrutora a Amalia Elsa Pazos Pintos. Este acordo notifícase o 11.08.2020 á CMVMC de Liñares e o 17.08.2020 ó concello das Neves.

CUARTO. O 28.12.2020, a xefa da Área de montes veciñais en man común emite informe preceptivo do Servizo de Montes:

"(...) 1. O terreo solicitado corresponde na súa totalidade coa parcela catastral 36034A00501279 a nome da comunidade de montes veciñais da parroquia de Liñares, cunha superficie de 3.082 m²

2. É unha parcela illada á que se accede por un camiño asfaltado. Se encontra moi preto da parcela: 36034A00300765, a nome en catastro da ASOC DE VECIÑOS SANTA MARIA DE LIÑARES, e que contén un cemiterio e seu aparcadoiro.

Está delimitada ao Norte e Sur por camiño asfaltado e á Leste e Oeste por marcos de pedras que delimitan as parcelas dos particulares.

Ao Norte da parcela, bordeándoa hai una liña eléctrica de baixa tensión.

3. A parcela encontrase reforestada co castaño dun zume, duns 40-60 cm de altura, cun 36% de marras e plantados a un marco aproximado de 3X3.

Ten numerosos rebrotes de eucalipto, 1 ou 2 individuos adultos de 20 e 50cm de diámetro, un piñeiro do país duns 20 cm, e un estrato arbustivo e

subarbustivo composto por toxos, xestas e carpazos.

4. Se observa que a parcela está reforestada pola comunidade de Liñares e a existencia dun cartel da comunidade que informa sobre esta plantación."

QUINTO. O 30.03.2021, o Rexistro da Propiedade de Ponteareas certifica que as fincas das que se insta a clasificación non se atopa inscrita no Rexistro. Ordénase as anotacións preventiva no Rexistro da Propiedade de Ponteareas, notifícase o trámite de audiencia, publícase edicto no concello de As Neves e no DOG o anuncio do 25 de maio de 2021, do Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Pontevedra, polo que se publica o acordo de inicio do expediente de clasificación do monte Charruas ou Coutada, a favor da CMVMC de Liñares, do concello das Neves (DOG núm,110, do 11 de xuño).

SEXTO. Dentro do período do trámite de audiencia non se reciben alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter segundo o establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

SEGUNDO. O artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común define o monte veciñal en man común:



"Son montes veciñais en mano común e se rexerán por esta Lei os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertenzan a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños".

Deste xeito para que un monte sexa declarado veciñal en man común o aproveitamento debe quedar acreditado non só nun pasado, senón tamén no presente e de forma continuada, así o establece o antedito artigo 1 da Lei 13/1989 e as diversas resolucións xudiciais que o interpretan, concluíndo que o decisivo para a inclusión dun monte na categoría de veciñal en man común, é que resulte acreditada a constante posesión continuada do aproveitamento dos montes polos veciños promotores de xeito continuado.

TERCEIRO. O uso ou aproveitamento en man común da parcela "Charruas" queda suficientemente acreditado pola documentación achegada. Finalmente, o feito de que durante a tramitación do expediente non consten alegacións á clasificación como MVMC da parcela "Charruas" de terceiros que acreditasen un uso privativo destas parcelas, demostra que existe un aproveitamento público, pacífico e continuado en común por parte dos veciños da parroquia de Liñares, concello das Neves.

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, **O XURADO** por unanimidade **ACORDA: CLASIFICAR** como monte veciñal en man común a parcela "**Charruas ou Coutada**" solicitada **a favor da CMVMC de Liñares**, parroquia de Liñares, concello das Neves, de acordo á descrición reflectida no antecedente de feito primeiro e conforme a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



546000

546100

546200



4659300

4659300

4659200

4659200

ADIF

PO-400

36034A005012790000HS

3.082 m.²



Clasificación do monte Charruas

CMVMC de Liñares, As Neves

Pontevedra 1:750 en A3 (et. 8-89) Xuño 2022

546000

546100

546200

68

[Handwritten signature in red ink]
[Handwritten signature in blue ink]